

# A BEPEF informa n.º 17

Febreiro 2025 | Boletín de novas

da biblioteca | da UDC | de apoio á investigación

## Novas... da BIBLIOTECA

### Novidades bibliográficas

### Libros electrónicos [selección]

Arte de enseñar: metodoloxías y habilidades para la docencia

Cambiar el sistema, no el clima

Canva: curso completo

Diseño y cálculo de instalaciones eléctricas residenciales: basado en la Norma NOM-001-SEDE-2018 instalaciones eléctricas

El Modelo Digital. Técnica y Arte Algorítmica en Bim.

Herramientas IA para impulsar tu productividad

Ingeniería de datos: diseño, implementación y optimización de flujos de datos en Python

Lean Six Sigma Black Belt: manual de certificación

Minecraft 2025. Guía no oficial: trucos, secretos y construcciones

Power BI: curso práctico

Puesta en marcha del Sistema de Gestión Ambiental (SGA). UF1945

Reindustrialización y PERTE en España

### Novidades

### Normas técnicas [selección]

ISO 11665-4: Measurement of radioactivity in the environment - Air: radon-222. Part 4, Integrated measurement method for determining average activity concentration using passive sampling and delayed analysis

ISO 21940-11 : mechanical vibration : rotor balancing. Part 11, Procedures and tolerances for rotors with rigid behaviour

ISO/DIS 16094-2 : Water quality : analysis of microplastic in water. Part 2, Vibrational spectroscopy methods for waters with lowcontent of suspended solids including drinking water

ISO/DIS 16094-3 : Water quality : analysis of microplastic in water. Part 3, Thermo-analytical methods for waters with low content of suspended solids including drinking water

ISO/IEC 30134-7 : information technology : data centres key performance indicators. Part 7, Cooling efficiency ratio (CER)

**Novidades  
bibliográficas  
impresas  
selección**

Directrices para una gestión sostenible del agua urbana (2024)  
Sinatura: EC 558



Hands-On Machine Learning with Scikit-Learn, Keras, and TensorFlow (2022)  
Sinatura: INF.A 509



Automatic control with interactive tools (2024)  
Sinatura: INF.A 510




An introduction to real-time computing for mechanical engineers : a lab-based approach (2024)  
Sinatura: INF.P 218




Ecuaciones diferenciales para ingenieros : (con cuentos ilustrados) (2012)  
Sinatura: MT.A 217



Problemas de estiba y transportes especiales (2024)  
Sinatura: N.B. 287



Electrochemical methods : fundamentals and applications (2022)  
Sinatura: QUI 352



Tamén podes coñecer as  
**novidades de toda a biblioteca universitaria**  
dende o noso catálogo → **CONSULTAR EN Crunia**

**Revistas  
impresas**
**dec. - feb.  
2025**

| Título                                                       | Número                 | Data                         |
|--------------------------------------------------------------|------------------------|------------------------------|
| Alfa                                                         | n.60                   | Dic.2024                     |
| Automática e instrumentación                                 | n.560                  | Nov./dic.2024                |
| Cemento Hormigón                                             | n.1025                 | Nov./dic.2024                |
| CIC arquitectura y sostenibilidad                            | n.598                  | Nov.2024                     |
| Código cero                                                  | n.256, n.257,<br>n.258 | Nov.2024, dic.2024, xan.2025 |
| Electronic product design & test                             |                        | Oct.2024, Nov.2024, Dec.2024 |
| Elektor MAG                                                  | n.534, n.535           | Dec.2024, Jan./Feb.2025      |
| Eurofach electrónica                                         | n.501                  | Jul./agosto 2024             |
| Fluidos                                                      | n.473                  | Dic.2024                     |
| IMHE                                                         | n.513                  | Dic.2024                     |
| J3E                                                          | n.914                  | Nov.2024                     |
| The MagPi                                                    | n.146, n.147,<br>n.150 | Oct.2024, Nov.2024, Feb.2025 |
| Metalindustria                                               | n.57                   | En.2025                      |
| Regata                                                       | n.224                  | Nov.2024                     |
| Retema                                                       | n.259                  | Nov./dic.2024                |
| Revista APD                                                  | n.378                  | Nov./dic.2024                |
| Revista española de electrónica                              | n.841, n.842,<br>n.843 | Dic.2024, en.2025, feb.2025  |
| Revista española de física                                   | Vol.38, n.3            | Jul./sep.2024                |
| Rotación                                                     | n.618                  | Jun.2024                     |
| Ship & Boat International                                    | n.6                    | Nov./Dec.2024                |
| Técnica Industrial                                           | n.339                  | Nov.2024                     |
| Tecnoinstalación                                             | n.70                   | Sep./oct.2024                |
| Televes Info                                                 | n.191                  | Dic.2024                     |
| Theknos                                                      | n.265                  | En./feb.2025                 |
| Transactions of the Royal Institution of<br>Naval Architects | Vol.165                | 2023                         |

**Novidade  
destacada**
**Sinatura BEPEF:  
SI 201**
***Riesgos de incendio en paneles fotovoltaicos.*** Fundación INADE, 2023

Esta monografía, escrita polo enxeñeiro Andrés Pedreira Ferreiro, céntrase nos posibles perigos da instalación de celas de xeneración solar en cubertas ou en fachadas, poñendo en contexto a tecnoloxía fotovoltaica, analizando os riscos asociados a este tipo de instalacións e suxerindo medidas de prevención e control dirixidas a mitigar os ditos riscos.

O libro está dispoñible en formato físico na biblioteca e tamén en [formato electrónico gratuíto na web do editor](#).



## A EPEF recomenda

O libro  
escollido por  
**José Manuel  
Amado**

Título do libro:  
**Mecánica de  
materiales**

Autoría:  
Beer, Johnston,  
DeWolf e  
Mazurek

Ano:  
2021

Sinatura:  
CM.R 106

A lectura recomendada deste boletín vai máis aló dun só título. Coñecemos da man do profesor da EPEF José Manuel Amado algúns dos autores e textos clave no seu campo. Entre os libros de texto sobre enxeñaría e, máis en particular, no eido da mecánica, destacan autores norteamericanos como James M. Gere, Anthony Bedford, Wallace T. Fowler e Russell C. Hibbeleer polo seu enfoque didáctico. Os seus manuais levan empregándose na ensinanza da Mecánica e da Resistencia de materiais dende hai máis de medio século. En moitos casos os libros sobreviviron aos seus creadores e pasouse a testemuña das novas edicións a novos autores.

O investigador Amado Paz recomenda ás persoas interesadas en introducirse no campo da Mecánica e da Resistencia de materiais as obras de Ferdinand P. Beer e Russell Johnston *Mechanics for Engineers, Vector Mechanics for Engineers* e *Mechanics for Engineers*, que contan con varias edicións traducidas ao castelán. A primeira edición de *Mechanics for Engineers* é de xuño de 1956 e desde entón colaboraron durante máis de cinco décadas publicando numerosas revisións dos seus libros, que son empregados como referencias fundamentais en universidades de todo o mundo, incluída a UDC.



José Manuel Amado é profesor da área de Enxeñaría Mecánica do Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial e pertence ao grupo de investigación LAIL. É, ademais, o responsable do dobre grao en Enx. Mecánica e o Grao en Enx. Naval e Oceánica.

## A BEPEF está en BlueSky

Este mes de febreiro deixamos de empregar X como canle de comunicación da biblioteca da EPEF, pero xa podedes atoparnos na rede social BlueSky. O noso nome de usuario é o mesmo que empregamos noutras redes: [@biblioenxenaria](#). Convidámosvos a seguirmos!



## Mendeley Seminario web


O 25 de febreiro impartírase o seminario web sobre o xestor de referencias bibliográficas Mendeley titulado “Simplifica tu flujo de trabajo y acelera tu investigación con Mendeley”. Trátase dunha formación gratuíta, mais cómpre [inscribirse previamente](#).

## My News Novo recurso

**[MYNEWS]** Hemeroteca de prensa española contemporánea subscrita polo Servizo de Biblioteca. Permite recuperar todo o publicado en prensa impresa e dixital en España desde 1996, xunto aos medios internacionais máis importantes. [Máis info e acceso](#) (restrinxido á comunidade universitaria).

### Charla da BEPEF para o proxecto RELEARN

O pasado 13 de febreiro a biblioteca da EPEF foi convidada a participar na xornada de clausura do proxecto Erasmus + RELEARN “REsearched-based teaching for life long LEARNING”, celebrada na UDC. A nosa intervención centrouse no papel das **bibliotecas universitarias como factores claves para mellorar os procesos de ensinanza e aprendizaxe**. Moitas grazas pola invitación!



[Máis info sobre a xornada de clausura](#) | [Máis info sobre o proxecto RELEARN](#)

### Presentación do libro de Antonio Polo

### Club de lectura UDC Sénior

O 16 de xaneiro persoal da biblioteca da EPEF asistiu á presentación do libro *El viento que golpea las tinieblas*, escrito por Antonio Polo e Lluís Colomé. Trátase dunha novela baseada na investigación sobre feitos reais acontecidos en Tolva entre a Segunda República e os anos da posguerra.

A presentación, ateigada de público, tivo lugar no salón de actos do Campus e contou coa presenza de ambos os dous autores, acompañados por Luz Calderón, que tamén é usuaria do Club de lectura. Dende a biblioteca, enviamos os nosos **parabéns aos autores** polo gran traballo realizado!

Máis info: [Post sobre a presentación do libro no blog do Club de Lectura](#).



### Colaboración da BEPEF co club de lectura da UDC Sénior



O autor Antonio Polo é o coordinador do [Club de lectura “Ariadna” da UDC Sénior](#), co que colaboramos dende a biblioteca da EPEF dende o curso 2022/2023. Encargámonos da xestión dos préstamos das súas lecturas, que solicitamos habitualmente á Xunta de Galicia. Podedes

coñecer máis sobre o Club e sobre as súas sesións, programadas cada 3 semanas, no seu [blog](#).

## Edición de revistas UDC

### Apoio dende a BEPEF

Outra das tarefas levadas a cabo dende a nosa biblioteca é a colaboración co Servizo de Publicacións da UDC. Gustaríanos facer aquí un pequeno balance do traballo desenvolvido en 2024, posto que se trata dunha labor en certo sentido *invisible*, pero que ten alto valor na mellora da calidade das publicacións editadas pola UDC.

O pasado ano revisamos 127 artigos (metadatos e referencias bibliográficas), correspondentes a 8 títulos de [revistas editadas polo Servizo de Publicacións da UDC](#) (*Actas de arquitectura religiosa contemporánea*, *Atlánticas*, *Redmarka*, *Reipe* e *Sportis*, entre outras).

## Revistas científicas en aberto

clica aquí para acceder 



A esta colaboración habería que sumar tamén a participación do noso persoal no fluxo editorial da publicación [Jornadas de Automática](#), que mudou ao sistema OJS o pasado ano. Neste caso, contou con 147 artigos en 2024.

## Novas... da UDC

### Nova normativa reguladora de TFG e TFM

Nova normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao e do traballo de fin de mestrado universitario n UDC, que entrará en vigor para o vindeiro curso. [Acceder á normativa](#)

Esta normativa vese complementada polo regulamento de TFG e TFM de cada centro, polo que estes deberán adaptar os seus actuais regulamentos antes do inicio do curso académico 2025/26, onde se inclurá tamén o procedemento de selección e envío ao Servizo de Biblioteca dos traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC).


### UDC Participa Renovación dos Estatutos

A UDC ven de lanzar unha plataforma para abrir o debate en torno á renovación dos seus Estatutos.

En [UDC Participa](#) poden comentarse, compartirse, valorarse ou propoñerse debates.

### Convoteca

Na web do Gabinete de Comunicación da UDC atopamos unha interesante “Convoteca”, onde se comparten novas sobre convocatorias, formación e outras actividades. [Acceder á Convoteca](#)



### A que andas?

Outra novidade do Gabinete de Comunicación, é a posta a disposición da comunidade universitaria do formulario “[A que andas?](#)”, a través do que se lle poden facer chegar novas de distinto tipo (investigación, actividades, proxectos...) para a súa posible difusión.

## Novas... de APOIO á INVESTIGACIÓN

Compartímosvos a produción científica do profesorado da EPEF indexada entre decembro e febreiro en distintas bases de datos<sup>1</sup>:

### **A EPEF investiga**

#### **Artigos de revista**

#### **Artigos de revista publicados por PDI da EPEF**

A Review of Waste Management in Higher Education Institutions: The Road to Zero Waste and Sustainability

An analytical approach to the sensitivity analysis of semi-recursive ODE formulations for multibody dynamics

Characterization of Epoxy Adhesive for Marine Applications

Comparative analysis of unsupervised anomaly detection techniques for heat detection in dairy cattle

Defect Detection for Enhanced Traceability in Naval Construction

Detection of Pipe Ruptures in Shipboard Firefighting Systems Using Machine Learning and Deep Learning Techniques

Effect of chemical structure on the crystallization kinetics of triple polymorphic high-sulfur-content polythioethers

Enhancing and optimization in existing HVAC equipment using tools of industry 4.0

Evaluation of One-Class Techniques for Early Estrus Detection on Galician Intensive Dairy Cow Farm Based on Behavioral Data From Activity Collars

Hydrogen in the marine industry; safety in hydrogen ship/submarines

Multi-objective model for residential energy management in context of individual self-consumption

Self-Reinforced Biocomposites Made from Poly(3-hydroxybutyrate-co-3-hydroxyvalerate) (PHBV): An Innovative Approach to Sustainable Packaging Production through Melt Processing

### **A EPEF investiga**

#### **Capítulos de libro**

#### **Capítulos de libro publicados por PDI da EPEF**

Characteristics of the Onshore and Offshore Wind Resource

Introduction to Wind Turbines

Advancing Robotics Education: Integrating Large Language Models for Natural Language Programming in VET

<sup>1</sup> Fontes consultadas: Web of Science, Scopus e publicacións da EPEF no Portal da investigación da UDC.  
Se tes algunha publicación recente e non figura nestas listas, contacta coa biblioteca e revisaremos o caso.

**A EPEF  
investiga**

**Contribucións  
a congresos**

**Contribucións a congresos publicados por PDI da EPEF**

Artificial Vision System for Object Classification Using AI for Autonomous Underwater Vehicles

Bridging the Skills Gap of Workers in the Offshore Renewable Energies Industry by Creating a set of Guidelines to Promote Innovative Training

Characterization of Cattle Behavior Based on Dimensional Reduction Techniques

Development of a High-Precision, Portable and Automated Mobile Laser Scanner for the Recording and Digitation of Texture and Micro-marks in Archaeological and Heritage Stone

Feature Importance Analysis of Meteorological Weather for Mini Eolic Electrical Power Prediction Using Clustering Information

Introducing Collective Computing in K-12 Through an Ambient Intelligence Activity

Missing Meteorological Data Imputation for Mini Eolic Electrical Power Prediction.

Towards a Comprehensive Assessment of Port Sustainability: Index Design for Valencia Port

Use of laser technology for the postural classification of bedridden people

**A EPEF  
investiga**

**Libros**

**Libros publicados por PDI da EPEF**

Recentemente publicáronse tres libros con autoría do noso profesorado. Presentámoslos a continuación:



**Control estadístico de la calidad para la industria 5.0**

Autores: Salvador Naya, Javier Tarrío, Miguel Alfonso Flores

Aula Magna, 2025. ISBN 9788419786487

Formato: libro impreso

Próxima incorporación á biblioteca da EPEF



**IoT: INTERNET DE LAS COSAS. Cómo crear ecosistemas con herramientas de software libre**

Autores: Antonio Javier Díaz Longueira, Esteban Jove Pérez, Francisco Zayas Gato, José Luis Calvo Rolle

RC Libros, 2025. ISBN 9788412782547

Formato: libro impreso

Próxima incorporación á biblioteca da EPEF



### STEM is inspiring future careers

Editoras: Almudena Filgueira-Vizoso, Laura Castro-Santos

Documento resultado do proxecto 2021-1-ES01-KA220-SCH-000031524, con financiamento da Comisión Europea.

Formato: dispoñible en formato electrónico aberto en 4 idiomas.

### Programa Academia Nova guía

A ANECA publicou unha nova guía sobre o programa Academia de acreditación a corpos docentes universitarios. Neste novo recurso especifica o número máximo de achegas que poden incluírse en cada apartado do CV.


[Ver a guía.](#)



**A biblioteca da EPEF pode prestar apoio ao seu PDI neste proceso de acreditación**, en cuestións como a busca de indicios de calidade e indicadores para a redacción das narrativas, así como no depósito no RUC das publicacións que se sometan á avaliación. Para máis información, [contacta con nós](#).

### Portal de investigación Nova clasificación

O Portal de investigación da UDC mostra, dende a nova actualización de febreiro, unha nova clasificación por especialidades predominantes para cada unidade e grupo (ata 10 especialidades) e tamén para cada persoa investigadora (5 especialidades). Esta nova clasificación emprega a taxonomía temática do proxecto Hércules e realízase mediante un modelo de intelixencia artificial que se aplica só aos documentos que contan con título e resumo.



**Especialidades predominantes asignadas á EPEF no portal de investigación.** Se accedemos a portal e picamos nunha das especialidades, veremos as publicacións do PDI do centro que a conforman.

## Horizon Europe

### Seminario web

*Horizon Europe Open Science in practice* é o título dun seminario web organizado por OpenAIRE para o 14 de marzo. Na sesión explicarán cales son as obrigacións que deben cumprir os proxectos con este financiamento no relativo ao acceso aberto e aos datos de investigación. [Máis información e inscricións](#)



## Fin da campaña de apoio a sexenios

Rematada a campaña da biblioteca de apoio á solicitude de sexenios de investigación, facemos un balance final do PDI da EPEF asesorado. Recibimos a petición dun total de 12 docentes da EPEF, avaliamos máis de cen publicacións e depositamos no RUC 46 ítems. Agardamos os resultados sexan positivos!



**12 PDI da EPEF**

**108 publicacións analizadas**

**46 ítems depositados en RUC**

## Acordos Read & Publish

### Renovacións

Estes días estase a tramitar a renovación dos acordos transformativos por parte da CRUE e CSIC a nivel nacional e tamén os correspondentes ao CISUG, que afectarían ás 3 universidades galegas. Estes acordos consisten nun pago para ler e tamen para publicar nas súas revistas (xeralmente nas híbridas), polo que as personas autoras poden publicar en acceso aberto e dende a universidade asúmense os APCs asociados.

Polo de agora prevese a renovación dos acordos da CRUE con Wiley, Springer e ACS, mais non está claro que se asine con Elsevier. No caso da CISUG, os acordos son con Cambridge e Oxford. **Informaremos en canto teñamos confirmación relativa a cada editor.**

Lembrede que continúan en vigor dende o ano pasado os acordos para ler e publicar con IEEE e a RSC. [Máis info e detalles na infoguía do Servizo de Biblioteca.](#)

## Sobre nós... Biblioteca Ángela Ruiz Robles (EPEF)

### Enderezo

Edificio de Apoio ao Estudo, 2º Andar. Campus de Esteiro, Ferrol.

### Teléfonos

Mostrador. Información e préstamos: 881 013 332 / 881 013 652

Proceso técnico. Apoio ao estudantado e a PDI: 881 013 290 / 881 013 625

Dirección da biblioteca: 811 013 284

### Email

[biblioteca.epef@udc.es](mailto:biblioteca.epef@udc.es)

### Redes sociais

[@biblioenxenaria](#)

### Web

<https://www.udc.es/biblioteca.epef>



### Subscripción ao boletín

Podes recibir novos números deste boletín no teu correo electrónico solicitándoo no seguinte [formulario](#).